

ENREDANDO CO GALEGO 1

Onte vivimos unha experiencia moi especial. Somos tres rapaces de 4º da ESO e normalmente falamos castelán entre nós. Ademais, nas nosas casas tamén se fala sempre castelán, polo que o galego non forma parte do noso día a día. Aínda así, quedamos para dar unha volta polo centro da vila e decidimos falar en galego durante toda a tarde.

Ao principio resultou un pouco raro, porque estamos acostumados a cambiar ao castelán sen pensalo. Porén, a conversa foi collendo naturalidade. Un de nós comentou que, aínda que na súa familia ninguén fala galego, lle parece importante que os mozos o empregue máis. Outro explicou que no seu entorno case ninguén o usa, e por iso ás veces séntese incómodo cando o fala.

Eu dixen que antes non me decatara do valor que ten a lingua, pero que cando falas en galego sentes unha conexión diferente co lugar, coa cultura e coa xente. A medida que falabamos déronnos conta de que o galego nos achegaba máis, como se compartísemos algo especial máis aló das palabras.

Ao final da tarde sentímonos orgullosos. Non só conseguimos manter a conversa en galego, senón que tamén reforzamos a idea de que falar a nosa lingua é algo valioso e que merece estar presente na vida cotiá. Saímos daquela volta coa sensación de ter vivido algo pequeno pero significativo, unha experiencia que sen dúbida repetiremos.